



Expediente núm.: 407/2025

Resolución de alcaldía aprobando as bases que regulan a actividade

Procedemento: Actividades e cursos

Asunto: Campus de verán 2025

Documento asinado por: O alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 12 de xuño de 2025, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente iniciar expediente para regular as bases que rexerán o Campus de Verán 2025. O Concello de Valga pon en marcha este verán campamentos que ofrecerán un total de 200 prazas financiadas a través dunha subvención de concedida pola Xunta de Galicia mediante o Plan Corresponsables e con aportación municipal.

As actividades desenvolveranse nos meses de xullo e agosto, dirixidas a menores de 3 (cumpridos no momento da inscrición) a 16 anos, dando prioridade ás familias en situación de especial vulnerabilidade.

Estes campamentos, ademais de facilita-la conciliación familiar durante os períodos non lectivos dos menores, apostan pola coeducación e a igualdade, fomentando o respecto, a socialización e a eliminación de rols de xénero preestablecidos. As diferentes semanas organizaranse en torno a temáticas como o deporte, a ciencia, o coñecemento da contorna e o aprendizaxe lúdico.

En virtude do exposto e de conformidade coas atribucións establecidas na Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras da actividade Campus de Verán 2025.

SEGUNDO. Proceder á publicación das mesmas na sede electrónica do concello.

Asinado dixitalmente en data ao marxe.

O alcalde,

José M^a Bello Maneiro



BASES CAMPUS VERÁN 2025

Horarios e prazas:

Poderán optar as familias con menores a cargo, entre 3 (cumpridos no momento da inscrición) e 16 anos, de luns a venres do 1 de xullo ata o 29 de agosto en horario de 09:00 a 14:00 h.

- o Escola de Veran'25 dende os 3 anos ata os 11, no CEIP Baño – Xanza.
- o Campus de verán dende 12 a 16 anos, no CEIP Baño - Xanza

Tanto a Escola como o Campus estarán divididos en 4 quendas: dúas en xullo con 60 prazas cada quenda; e dúas en agosto con 40 prazas por quenda.

- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 14 de agosto
- Do 18 ao 29 de agosto

Poderanse anotar como máximo en dúas quendas; a incorporación ás prazas dispoñibles en cada quenda será seguindo os criterios de baremación que se recollen nestas bases.

As listas de familias admitidas y en reserva serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Valga.

Prazo de inscrición:

Ata o 19 de xuño de 2025 no rexistro de entrada ou na sede electrónica do concello.

Criterios de baremación:

A Concellería de Servizos Sociais encargarse de baremar todos os requisitos que as familias deben reunir para poder beneficiarse deste programa.

- I. Unidades familiares, nas que todos os seus membros estean empadroados no Concello de Valga (se algún membro non está empadroadado non se puntuará neste apartado): 5 puntos
 - No caso de menores onde haxa establecidas medidas reguladoras das obrigas paterno filiais puntuarase con 5 puntos (sempre e cando o menor estea empadroadado xunto co proxenitor que nese momento teña a garda)



- II. Priorizaranse aquelas familias nas que traballen ou estean incluídos nalgún itinerario de inserción laboral ámbolos dous proxenitores, e as familias monoparentais na mesma situación; nestes casos, as persoas beneficiarias terán opción a utilizar o servizo todos os días : 5 puntos
- III. Familias que acrediten acollemento familiar: 2 puntos
- IV. Por ser familia numerosa: 2 puntos (documento acreditativo)
- V. Familias monoparentais: 2 puntos (certificado de familia monoparental en vigor)
- VI. Núcleos de convivencia nos que ademais figuren persoas dependentes, ou con discapacidade, recoñecida polos órganos correspondentes. (independentemente do grao de discapacidade ou do número de persoas con discapacidade na unidade familiar): 2 puntos.
- VII. Muller vítima de violencia de xénero (debe presentar documentación acreditativa): 1 punto
- VIII. Familia en risco de exclusión social (informe emitido por Servizos Sociais Comunitarios que así o acredite): 1 punto
- IX. As familias nas que só un dos proxenitores traballe, en función da demanda rexistrada e se hai prazas vacantes, de ser o caso: 1 punto
- X. Situación económica: En base á Renta per Cápita (RPC) mensual da unidade (IPREM) vixente (ingresos do ano 2023):
 - a. Inferior ao 50% do IPREM : 2 puntos
 - b. Entre o 50% e inferior ao 100% do IPREM : 1 punto
 - c. Igual ou superior ao 100% do IPREM: 0 puntos.

Os ingresos da Unidade Familiar a ter en conta para o cálculo da RPC o constituirá a suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas. No caso de persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles obteranse dos datos que aporten os certificados da A.E.A.T (ano 2023).

- A renda per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2023

1º. Base imponible xeral + base imponible do aforro – cota líquida

_Casilla 435+ casilla 460 – casilla 595

O que resulte desa operación divídese polo número de membros que compoñen a unidade familiar, e o que nos dea é a renda per cápita





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA TRANSICIÓN DE LA JUVENTUD
Y CONTRA LA FUGA



En caso de que as familias solicitantes non presenten documentación acreditativa (declaración da Renda ou certificados da AEAT) se aplicará 0 puntos na capacidade económica.

No caso de non cubrirse o total das prazas ofertadas en cada quenda, estas poderían ser ocupadas por aquelas familias que non cumpran os requisitos básicos de acceso, sempre seguindo a orde de inscrición.

En caso de producirse empate, seguindo os criterios da baremación, recollidos no anexo, a incorporación as prazas será seguindo a orde de rexistro de entrada..





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



CORRESPONSABLES



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE IGUALDAD

SE DETALLA DE DIFUNDIR
SE DESARROLLA
Y PARA LA DIFUSIÓN DE LA INFORMACIÓN
CONTIENE UN FOLIO



ANEXO I: ESCOLA E CAMPUS VERÁN'25

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

DATOS DO MENOR	
Nome e Apelidos:	
Enderezo:	
Data de nacemento:	Teléfono*:
Correo electrónico:	

* Este será o no que se comunicará avisos que puideran xurdir.

QUENDAS de participación(sinale as datas para as que precisa o servizo)

PRIMEIRA	SEGUNDA	TERCEIRA	CUARTA
1 xullo-15 xullo ☐	16 xullo-31 xullo ☐	1 agosto-14 agosto ☐	18 agosto-29 agosto ☐

Padece algunha alerxia ou intolerancia

NON ☐	☐ SI	Indicar cal:
------------------------------	-----------------------------	--------------

AUTORIZO ao Concello de Valga e a empresa xestora das actividades, á toma de imaxes e rexistro de son e difusión das mesmas do/a neno/a, nas redes sociais e outros medios similares para difundir as actividades da entidade:

SI AUTORIZO ☐	NON AUTORIZO ☐
--------------------------------------	---------------------------------------

AUTORIZACIÓN para recoller o neno/a

Autorizo a _____, con
DNI _____, a recoller o/a neno/a na actividade.

TELÉFONOS de avisos en caso de **URXENCIAS**:

Nome:	Nome:	Nome:
Tel:	Tel:	Tel:



**SITUACIÓN FAMILIAR (obligatorio presentar documentación acreditativa)**

Nº de membros da Unidade Familiar:	Nº:	
Empadroados no Concello de Valga:	SI	NON

Ocupación laboral dos proxenitores:

Acreditación da ocupación laboral	1	2
-----------------------------------	---	---

Acreditación de acollemento familiar	SI	NON
Acreditación de Familia Numerosa	SI	NON
Acreditación de Familia Monoparental	SI	NON

Acreditación de ter algún familiar de convivencia con discapacidade ou dependencia	SI	NON
En caso afirmativo indicar quen:		

Acreditación de ser Muller vítima de violencia de xénero	SI	NON
--	----	-----

Acreditación de ser Familia en risco de exclusión social	SI	NON
--	----	-----

AUTORIZACIÓN MATERNA/PATERNA

D^a./D. _____,
maior de idade, con DNI núm. _____, nai, pai ou titor, AUTORIZO o meu
fillo/a a asistir á actividade que se indica nesta solicitude e ACEPTO as bases que rexen O
SERVIZO “ESCOLA E CAMPUS VERÁN’25” do Concello de Valga.

En Valga, a _____ de _____ do 2025

Asdo. _____

OBRIGATORIO CUBRIR TODOS OS DATOS E PRESENTAR TODA A DOCUMENTACIÓN NO MOMENTO DA INSCRIPCIÓN



Documentación a entregar:

- ☐ Anexo I (solicitud de inscripción)
- ☐ Fotocopia do libro de familia ou do título de familia numerosa, de ser o caso
- ☐ Certificado de empadronamento, só no caso de que algún dos membros da unidade familiar estea empadroadado fóra do Concello de Valga
- ☐ Documento acreditativo das medidas reguladoras das paternofiliais, se fose o caso
- ☐ Documento que xustifique a situación de ocupación
- ☐ Acreditación de menor acollido, se fose o caso
- ☐ Familia numerosa: documento acreditativo en vigor
- ☐ Familia monoparental: documento acreditativo en vigor
- ☐ Discapacidade ou dependencia dalgún membro da familia que forme parte da unidade de convivencia: documento acreditativo en vigor
- ☐ Documentación acreditativa de muller vítima de violencia de xénero
- ☐ Documento acreditativo de situación en risco de exclusión social (informe emitido por Servizos Sociais Comunitarios)
- ☐ Acreditación da capacidade económica: presentación da declaración da renda correspondente ao ano 2023 e no caso de persoas non obrigadas certificado emitido pola AEAT.

